



Bos días, antes de nada, agradecer en nome de todos as representantes do CAIA a posibilidade de ter este espazo concedido pola Valedora do pobo, da man da Plataforma de organizacións da infancia de Galicia un ano máis, moitas grazas.

Dende o Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia somos moi conscientes e tomámonos moi en serio o noso papel como órgano consultivo en materia de infancia, por iso é natural que nas nosas prioridades teñamos, como algo prioritario, traballar pola prevención da violencia fronte á infancia e adolescencia.

O 23 de decembro de 2023 tivemos o noso primeiro pleno formal, ao que xa levamos e traballamos propostas concretas sobre como axudar a conseguir unha mellor implantación da LOPIVI dentro da nosa comunidade autónoma.

Esta lei constitúe un avance significativo na loita polos nosos dereitos, posto que deixamos de ser suxeitos pasivos de dereito, para volvernos activos no exercicio destes. E, é que lonxe do que moitos pensan no mundo dos adultos, a infancia e adolescencia non somos seres sen pensamento crítico, nin sen voz, nin sen autonomía.

Nós somos unha parte activa desta sociedade na que vivimos e queremos opinar e traballar por melloralala.

Pois ben, xa no traballo realizado sobre esta lei naquel momento apuntamos varias carencias, para nos fundamentais, na súa posta en marcha:

- A infancia e a adolescencia de Galicia non son coñecedores desta lei.
- Os e as profesionais que traballan diariamente ca infancia e adolescencia non están suficientemente formados en materia de esta lexislación.
- Non se esta dando a coñecer a figura dos Delegados de Benestar.
- A infancia e adolescencia non sabe recoñecer situacións de violencia e onde acudir cando as padece.

E por iso no pleno do consello autonómico de infancia e adolescencia trasladamos as seguintes aportacións:



- En primeiro lugar, a necesidade de formar a nenos, nenas e adolescentes no coñecemento dos seus dereitos, das leis que os protexen, e para que saiban identificar situacións violentas e como denuncialas.
- Adaptar os textos legislativos as diferentes idades e necesidades específicas da infancia e adolescencia, posto que ten sentido que o público obxecto da lei poda entendela.
- Con respecto a Internet pedimos que dende as institucións nos protexan de perigos coma o cyberbullying, o sexting... tomando medidas tanto legais, coma en ámbitos educativos.

A mellor maneira de protexernos destes riscos e educándonos contra eles, por iso pedimos no pleno formación sobre como empregar Internet de xeito seguro, a través de charlas e obradoiros prácticos constantes e reiterados nos centros de ensino, pero tanto a nos,... como tamén as nosas familias e ao profesorado.

- Existe, a necesidade de crear unha liña de axuda telefónica durante todo o día para que cada vez que nos atopemos con algún problema ou dúbida teñamos onde acudir.
- Necesitase formación en habilidades para a negociación e resolución de conflitos pacificamente. Queremos que se oferten cursos impartidos por profesionais (educadores sociais, integradores familiares, etc.) para mellorar as relacións intrafamiliares ou nos núcleos de convivencia.
- Tamén necesitamos formar a nenas, nenos e adolescentes para que saiban que situacións constitúen violencia e as rexeiten. É dicir, dotalos das ferramentas necesarias para que se poidan protexer no caso de necesitalo.
- Sen esquecernos das persoas adultas, para previr a violencia nos fogares necesitamos formar ás persoas adultas que aprendan outros xeitos de exercer a crianza, falamos de parentalidade positiva

Nos centros educativos, sabemos que se esta a por en marcha a creación de plans de convivencia educativa, pois ben, nos vos parece que debería ser imperativo que contasen cas aportacións da propia infancia e adolescencia. Non ten sentido este tipo de plans se fagan sen as aportacións das persoas que convivimos diariamente nestes espazos.

Sabemos, tamén, que a figura do Coordinador de Benestar nos centros educativos esta implantada pero non se nos da a coñecer, polo que no pleno



expuxemos a necesidade de que a inicio de cada curso académico se presente a esta persoa, e se expliquen as súas funcións, pero tamén, que se nos diga algo tan simple de como, cando e onde localizalo/a.

Sen esquecer que debemos seguir loitando por converter as escolas en espazos inclusivos para as persoas con diversidade funcional, todas/os temos dereito a relacionarnos e integrarnos na sociedade de maneira normalizada.

-----

Como ben dixo a miña compañeira, para nos a LOPIVI pode ser un gran avance, e creemos que é necesario que se cumpra de maneira uniforme en todos os recunchos de Galicia, incluíndo alumnado, profesorado, adestradores, persoal administrativo e técnico.

Creemos firmemente que a información desta lei debería chegar a todos, ninguén se pode quedar atrás na súa implantación.

Nos, a infancia e adolescencia, ademais pasamos unha gran parte da nosa vida nos centros de ensino, polo que queremos que sexa un espazo seguro e protector.

Neste eido, as elevadas cifras de casos de acoso resúltannos extremadamente preocupantes. Acoso racial, acoso machista, xenofobia, acoso cultural, acoso físico, acoso psicolóxico, acoso.

Este é un tema que nos afecta directamente, polo que pregamos que escoiten con agarimo e tenacidade as nosas ideas, para reverter esta realidade:

- Propomos que se unifiquen os protocolos en todos os centros educativos de Galicia, combinando as múltiples accións existentes e centrando a atención na persoa acosada.
- Consideramos crucial que o profesorado reciba mais formación específica sobre as actitudes de acoso, para poder detectar os casos de maneira rápida e eficaz.
- Ao inicio de cada curso académico débese presentar a figura do "Coordinador de Benestar", clase por clase se necesario, explicando detalladamente as súas funcións e presentando todas as canles de apoio.
- Crear grupos exclusivos de alumnado vítima de acoso, para que poidan compartir experiencias e expresarse intimamente entre eles, xerando un espazo de apoio e confianza.



Estamos convencidos de que gran parte das actitudes que realizan os acosadores proveñen do eido familiar, polo que é importantísimo a creación de cursos obrigatorios para acosadores incluíndo súas familias.

Os membros dos Grupos de Participación e mesmo do C.A.I.A. deberíamos poder reunirnos directamente con estes grupos exclusivos, para entender as súas realidades e saber que podemos propor para axudalos a recuperarse.

É imprescindible incluír todo tipo de institucións coma clubs deportivos, asociacións culturais, conservatorios, escolas de idiomas, academias e calquera espazo que traballe asiduamente con menores.

Só quero facer dúas reflexións mais:

Eu non coñezo o "Coordinador de Benestar" do meu Instituto, no meu club de voleibol non hai esa figura, as miñas amigas non coñecen a LOPIVI, nas materias sociais non estudamos este tema... Isto debe mudar.

Unha persoa moi sabia dime a miúdo que mentres discutimos sobre quen é o culpable, perdemos un tempo precioso que podemos usar para solucionar o problema. Debemos fuxir con determinación dos modelos baseados na crítica, todos estamos obrigados a impregnar a comunidade educativa de empatía e xenerosidade.

Nós, os membros do C.A.I.A., comprometémonos a seguir traballando día a día, cooperando con as administracións, para facer de toda Galicia un espazo seguro.

Para despedirme, quero agradecer a xenerosidade da Valedora do Pobo e a súa equipo, por seguir cedéndonos espazos de diálogo onde expresarnos sinceramente, actos coma este anímanos a seguir.

**Beatriz Marianh Comesaña Pombal**  
**Cayetana Rey Dourado**

**Vogais do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia.**